

SUMARIO

- [1-5] NOVAS
- [3-4] IGAEM
 - [4] Centro Coreográfico Galego
 - [5] Centro Dramático Galego
- [5] NOVIDADES EDITORIAIS
- [6-7] AXENDA
- [8-9] ALERTA!
- [10-11] E_SCENA EN CIFRAS



Podes navegar por **e_scena** premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

A AGADIC E O PLAN GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS CONFORMARÁN UN NOVO MODELO DE POLÍTICA NO ÁMBITO DA CULTURA EN GALIZA

A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE CREA A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS COMO ORGANISMO ESPECIALIZADO DE APOIO AO DESENVOLVEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL CULTURAL. SUBSTITUIRÁ AO IGAEM E DEDICARÁ UNHA ESPECIAL ATENCIÓN Á PROMOCIÓN DA PRESENZA EXTERIOR DA CULTURA GALEGA.

O GOBERNO GALEGO PROMOVE UN PLAN ESTRATÉXICO PARA AS ARTES ESCÉNICAS, QUE ESTABECE O MARCO INTEGRAL DE ACTUACIÓN DOS PODERES PÚBLICOS, CO OBOXECTO DE SITUAR AS ARTES ESCÉNICAS NO CENTRO DA VIDA CULTURAL E SOCIAL DO PAÍS. NA SEGUNDA QUINCENA DE XUÑO INICIARASE O PROCESO DE DIÁLOGO E DEBATE CO CONXUNTO DOS AXENTES INSTITUCIONAIS, SOCIAIS E SECTORIAIS IMPLICADOS.

A posta en marcha da futura Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) como organización que substituirá e ampliará as competencias que hoxe ostenta o IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), xunto á aplicación, a partir de 2008, do Plan Galego das Artes Escénicas, suporán unha reordenación estrutural e de obxectivos sen precedentes no ámbito das políticas públicas en materia cultural en Galiza. A reforma que se inicia pasa pola constitución e implantación dun novo modelo conceptual e organizativo, máis acaído aos retos actuais da nosa cultura.

[continúa na pantalla seguinte]

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.


Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06



[vén da pantalla anterior]

Coa creación da AGADIC, actualmente en fase previa á tramitación por lei, a Consellaría de Cultura de Galiza re-forma a súa estrutura interna e especializa diferentes organismos para desenvolver máis adecuadamente as diversas dimensións que a cultura ten hoxe en día. Así, en tanto a AGADIC se ocupará da parte máis económica e centralizará todos os programas de apoio destinados a reforzar o tecido empresarial no ámbito cultural galego, incrementando os recursos destinados ao apoio á produción e distribución de bens e servizos culturais; a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural ocupárase daqueles ámbitos da cultura máis conectados coa relación entre cultura e cidadanía e cultura e territorio, no sentido de fomentar a participación cidadá nos diferentes eidos da cultura e de garantir o acceso aos mesmos do conxunto da poboación.

No borrador do anteproxecto de lei –que se pode consultar nas webs da Consellaría de Cultura e do IGAEM–, a AGADIC figura como entidade de dereito público suxeita a un réxime propio que combine o funcionamento en clave xurídico-pública, en especial para o exercicio das potestades administrativas que se lle atribúen en aras do cumprimento dos seus fins, co funcionamento en réxime de dereito privado. O mesmo texto prevé a súa adscrición á consellaría con competencias en materia de cultura da Xunta de Galiza e a existencia no seu seo de dous órganos de goberno, un unipersoal e outro colexiado; así

como un órgano de asesoramento no que estarán representadas as asociacións e agrupacións máis representativas dos sectores culturais aos que a lei se dirixe.

CINCO EIXOS DIRECTORES

Pola súa banda, de xeito paralelo ao da creación da AGADIC, a Consellaría de Cultura iniciou os traballos de elaboración do Plan Galego das Artes Escénicas, que será o documento marco no que figurarán os eixos, medidas e accións concretas que haberá que levar adiante nos vindeiros anos para a consecución dunhas artes escénicas con protagonismo na sociedade galega e con proxección universal.

A través do novo Plan propórase un marco integral de actuación arredor das tres dimensións nas que se manifesta a cultura: a cultura como elemento central do noso estado de

benestar, a cultura como manifestación aberta e dinámica da nosa identidade e a cultura como sector estratéxico da nosa economía. Desde a avaliación destas tres dimensións, especificáronse 125 medidas de actuación concretas (número simbólico que fai un xesto á conmemoración en 2007 dos 125 anos do teatro galego), estruturadas sobre cinco eixos directores: o da formación e creación artística, o da integración das artes escénicas na vida comunitaria, o das industrias culturais, o dos mercados e os públicos e o da proxección exterior.

O Plan Galego das Artes Escénicas, impulsado pola Consellaría de Cultura, fundaméntase na necesidade de que a política do Goberno galego no ámbito das artes escénicas sexa unha política integral, que inclúa e comprometa no seu desenvolvemento a todos os departamentos das distintas

consellarías con competencias en ámbitos relacionados co teatro e a danza en Galiza, para poder establecer deste xeito un marco estable de apoio á cultura que teña en conta as súas distintas compoñentes actuais (cidadá, artística e económica).

A AGADIC será, no caso concreto do seu papel cara ás artes escénicas, o organismo encargado de desenvolver todo aquel conxunto de medidas do Plan que teñan que ver co fortalecemento empresarial das compañías e empresas do sector e coa capacidade de produción de proxectos artísticos e a súa relación cos cidadáns, ambicionando a habilitación dunha maior autonomía e fortaleza dos axentes culturais privados e o seu posicionamento no sistema cultural global, caracterizado actualmente por un contorno tan dinámico e cambiante que obriga ás empresas a unha continua adaptación ás transformacións culturais, sociais e tecnolóxicas.

A mellora da xestión empresarial, unhas das prioridades do Plan, posibilitará dar o paso a un tecido empresarial forte, un mercado escénico normalizado e unha estrutura cultural produtiva profesionalizada, dinámica e en clave galega, na que se relacionen directamente os beneficios da súa progresiva e urxente capitalización, modernización e autonomía.

Na segunda quincena de xuño incíase o proceso de diálogo e debate co conxunto dos axentes institucionais, sociais e sectoriais implicados.



Teatro de Ningures

21 EMPRESAS ESCÉNICAS E MUSICAIS RECIBIRÁN UN APOIO XERENCIAL TITORIZADO

O IGAEM desenvolverá, ao longo do segundo semestre de 2007, un novo servizo destinado á dinamización das empresas do sector escénico-musical galego, consistente na posta en marcha de sesións de apoio xerencial titorizadas que permitan a mellora tanto dos aspectos administrativos como da dirección empresarial.

O novo servizo, que se basea na conciliación das especificidades dos produtos culturais cunha xestión económica eficaz, ten como obxectivos consolidar e facer medrar as empresas, acompañar e formar ao equipo promotor, mellorar e controlar a política comercial, definir e implantar a política financeira e os sistemas de información, así como optimizar a organización interna cara a posibles cambios futuros.

A titorización levarase a cabo en 8 reunións, cada unha de 2 horas de duración e a razón de 2 reunións por mes. Como pasos previos realizarase un informe-diagnose da situación de cada empresa e redactarase un plan de actuación particularizado.

As destinatarias desta primeira quenda da iniciativa son 21 empresas galegas adicadas ás artes escénicas e musicais, todas elas constituídas xuridicamente como sociedades mercantís: Lagarta Lagarta, Tanxarina, Nut Teatro, A Tempo, Nove-Dous, Iabada-badú Festicultores, Producción e Xestión Cultural, Eme2, Teatro do Morcego, Pistacatro Produtora de Soños, Matarile Teatro, Ningures Producción, Espello Cóncavo, Sinsalaudio, Ouvirmos, Teatro del Andamio,

Simonmusic, Zouma, Sarabela, Kukas Producións Artísticas e Cabo San Lorenzo Misións Espectaculares.

AS NOVAS AXUDAS DO IGAEM FINANCIAN 7 TRABALLOS DISCOGRÁFICOS GALEGOS

A nova modalidade de axudas á promoción e difusión musical, convocadas por vez primeira neste exercicio económico polo IGAEM, posibilitará a produción de sete traballos discográficos doutros tantos solistas ou grupos galegos, producidos e/ou editados por empresas do país. Entre os beneficiarios desta nova liña de apoio ao sector atópanse tanto nomes xa asentados no panorama musical de Galiza como formacións de máis recente creación, que terán deste xeito unha nova vía de financiación para posicionar no mercado as súas creacións.

Do total de 28 proxectos que optaron ás axudas, foron 7 os que resultaron adjudicatarios de diferentes contías que oscilan entre os 7.500 e os 11.500 euros. O importe total destinado foi de 65.470,44 euros.

Os discos que verán a luz co apoio do IGAEM serán os titulados *Misturado*, de Cristina Pato, que editará Zouma Producciones; *Sete Saias* de Sete Saias, a cargo de Pai Edicións; *Vida miña*, de Emilio Rúa, a cargo de Nalgures Producións; *Efffector Faltriqueira*, de Faltriqueira, a cargo de La Fábrica de Chocolate Producciones Musicales; *Ao vivo* de Nordestinas, presentado por Falcatrada Imaxe e Música; e o disco *Intres* do grupo Brath, que editará Sons Galiza.

O IGAEM COLABOROU NA EDICIÓN DO DISCO «NO BICO UN CANTAR»

O IGAEM colaborou na edición do cedé *No bico un cantar*, un recompilatorio de 17 temas representativos da nova música en galego que foi distribuído o pasado Día das Letras Galegas co xornal *La Voz de Galicia*. A Consellaría de Cultura puxo en marcha esta iniciativa co obxectivo de dar a coñecer ao gran público unha serie de proxectos musicais enmarcados en diferentes estilos e que teñen na novidade creativa o seu común denominador.

Neste recompilatorio, do que foron editados 30.000 exemplares, conviñen propostas que simbolizan os novos horizontes da música galega de raíz tradicional, como Espido, Ialma, Faltriqueira, Marful, Mercedes Peón, Narf, Nordestin@s, Uxía e Xabier Díaz, con outras apostas vocais (Carmen Dor, Rosa Cedrón), representantes do novo rock en galego (Lamatumbá, Loretta Martín, Ruxe Ruxe), a vertente máis *indie* do pop (Nadadora, The Homens) e o hip-hop (Dios Ke Te Crew).

O cedé, que se podía adquirir xunto co xornal a un prezo simbólico de 50 céntimos, tivo unha gran acollida por parte dos lectores, que esgotaron todos os exemplares dispoñíbeis en gran parte dos puntos de venda.

O IGAEM PROMOVE A PRESENZA MUSICAL GALEGA EN POPKOMM E WOMEX

Dentro da súa política de apoio á proxección do sector musical galego no exterior, o IGAEM promoverá a presenza dunha delegación de empresas produtoras e distribuidoras, así

como de grupos galegos nas próximas dúas feiras máis importantes da música a nivel mundial que restan por celebrar neste 2007: o *Popkomm* de Berlín e o *Womex* de Sevilla.

Con este fin, e seguindo un esquema similar ao desenvolvido en MIDEM no pasado mes de xaneiro, o IGAEM posibilitará a presenza das empresas galegas interesadas en condicións moi vantaxosas, tanto económicas como de organización, nos devanditos certames.

A participación galega visualizarase de xeito particularizado dentro do *stand* compartido «Sounds from Spain», desde o que se volverá difundir a marca diferenciadora *Galician Tunes* –que tan boa acollida tivera no encontro francés–, para o que se levará a cabo o labor de actualización e reedición de todos os soportes dixitais e impresos baixo a citada marca.

Berlín acollerá o *Popkomm* do 19 ao 21 de setembro, coa presenza de máis de 800 expositores de 55 países. Esta feira, que se celebra na cidade alemá desde a súa fundación en 2004, constitúe hoxe en día a cita máis importante do circuíto internacional no tocante á música e ás empresas de ocio e entretemento musical, caracterizada por prestar unha atención prioritaria ás novas plataformas de exhibición e ás novas tendencias no eido da música. Sevilla celebrará entre o 24 e o 28 de outubro o *Womex*, que se presenta como o máis importante mercado internacional para profesionais da música mundial de todos os estilos, con especial dedicación ás músicas folc, étnicas e tradicionais.



134 ESPECTÁCULOS OPTAN Á PROGRAMACIÓN DO 125 ANIVERSARIO DO TEATRO GALEGO

Un total de 134 compañías achegaron as súas propostas teatrais para participar na programación conmemorativa dos 125 Anos do Teatro Galego que está a organizar a Consellaría de Cultura e Deporte. De entre todos os espectáculos propostos, seleccionáronse 25 para configurar este programa especial de 125 funcións –5 por cada montaxe elixida– que se desenvolverá durante os meses de verán en diferentes puntos de Galiza.

O obxectivo desta iniciativa é favorecer o encontro do teatro con novos públicos, ao tempo que se lle dá unha maior visibilidade social, para o cal unha parte desta programación terá lugar en espazos non convencionais e complementarase con diferentes actividades e intervencións dirixidas á promoción social do teatro galego.

A selección dos espectáculos basearase no seu interese e adaptabilidade aos lugares escollidos pola Consellaría de Cultura para a realización deste programa especial e puntual, que vén complementar a política cultural de programacións teatrais estabéis desenvolvida a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, da Rede Galega de Salas e dos Circuitos Culturais.

«VACUO» PRESENTASE NO FESTIVAL LEONÉS EL TABLETEO DE LA CIGÜEÑA

Vacuo, produción inaugural do Centro Coreográfico Galego, exhibirase na cidade de León o vindeiro 8 de xuño no marco do festival de danza El Tableteo de la Cigüeña, na que será a primeira función do total de 8 que conforma a xira prevista para xuño. Así, durante estes meses o espectáculo dirixido por Maruxa Salas visitará tamén Oleiros (día 10), A Estrada (día 15), Vilalba (día 16), San Sadurniño (día 17), As Pontes (día 22), Monforte de Lemos (día 23) e Viveiro (día 29).

Esta é a segunda edición do festival leonés, onde o Centro Coreográfico Galego compartirá cartel con outras oito compañías de diferentes estilos, entre as que destaca a presenza de La Fura dels Baus co seu espectáculo *Imperium*. O recinto da antiga azucreira Santa Elvira, espazo principal desta programación, será tamén o escenario para a representación de *Vacuo*, que dará comezo ás 22.00 horas.

PISANDO OVOS ESTREA A PEZA 30.000 EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

O Salón Teatro de Santiago é o escenario escollido para a estrea, os días 2 e 3 de xuño, da nova proposta da compañía Pisando Ovos que, baixo o título

30.000, coprodúcese xunto co Centro Coreográfico Galego. Rut Balbís e David Loira son os creadores e intérpretes desta peza, para a que contaron coa colaboración na dirección artística de Damián Muñoz, recoñecido coreógrafo e bailarín vasco afincado en Barcelona.

30.000 é o resultado de nove meses de traballo, investigación e formación á procura de novos camiños na danza contemporánea, que convida a unha reflexión sobre o papel do diñeiro na sociedade actual e das relacións entre os cartos e as persoas.

Outras achegas artísticas, entre as que destaca a iluminación de Afonso Castro, concorren na materialización desta hora de danza en estado puro que supón, ademais, a cuarta obra asinada por Pisando Ovos dende que iniciara a súa traxectoria en 2004, así como a segunda coprodución do CCG nesta temporada 2006-2007.

O CCG PROMOVERÁ 11 OBRADOIROS E ENCONTROS PARA PROFESIONAIS ATÉ FINAIS DE ANO

O Centro Coreográfico Galego promoverá dende xuño e até finais de ano un total de 11 obradoiros e encontros dirixidos a profesionais do mundo da danza dentro do seu programa xeral de formación. A primeira destas citas, os días 2 e 3 de xuño no Salón Teatro de Santiago, será coa ensaísta e crítica

Ensaio de *30.000*



portuguesa Claudia Galhós, quen ofrecerá un percorrido pola escena contemporánea de Portugal ademais de afondar na responsabilidade e implicacións da crítica artística.

A continuación, Janusz Subicz, bailarín da compañía alemá de Pina Baush, visitará a sede do CCG na Coruña do 4 ao 8 e do 11 ao 15 de xuño para impartir un Taller de Improvisación e Composición Coreográfica no que están matriculados un total de vinte bailaríns e bailarinas. O Centro Coreográfico colaborará, ademais, co Teatro Galán de Santiago na celebración do Curso Charter Feeler, no que Akemi Takeya –artista multidisciplinar que actualmente reside e traballa en Viena– desenvolverá cos alumnos un traballo de corpo e voz que partirá da relación entre a técnica da respiración embrio-

naria e as facultades perceptivas atrofiadas na sociedade actual. Este obradoiro terá lugar do 26 ao 29 de xuño.

O programa formativo continuará en xullo co Curso de Producción que ofrecerá Montserrat Prat Bruxola, do Institut del Teatre de Barcelona, entre os días 9 e 13 na Fundación Luís Seoane da Coruña, e co Taller de Metodoloxía da Ensinanza para Profesores de Danza e as clases de Danza Clásica Académica a cargo de Martim Padrom, director do Centro Coreográfico da Gomera, do 16 ao 21 na sede do CCG. Completan esta relación os obradoiros que impartirán Iñaki Azpillaga («Movemento físico e a súa aplicación á escena», do 10 ao 14 de setembro), Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero («Ritmo e percusión orientados a bailaríns e coreógrafos» os



Claudia Galhós

días 8 e 9 de outubro, e «Composición musical para coreógrafos e bailaríns» o 26 e 27 de novembro), Vicente Colomer e Jaime Díaz («Danza con Nova Galega de Danza, na procura dunha linguaxe propia», do 22 ao 26 de outubro) e Carmen Werner de Provisional Danza (do 19 ao 22 de novembro).

O NOVO CIRCO ENTRA NO CDG MEDIANTE A COPRODUCCIÓN DE «KAMIKAZE»

O Centro Dramático Galego e a compañía Pistacatro Produtora de Soños estean o vindeiro 14 de xuño o espectáculo *Kamikaze*, título que identifica a primeira montaxe pertencente ao xénero de novo circo que se insire na programación do teatro público galego. O espectáculo, que se está a materializar mediante o desenvolvemento dun sistema de coprodución entre a compañía institucional e Pistacatro, colectivo pioneiro en Galiza en novo circo e cabaré, mistura elementos de teatro, ilusionismo e música en directo para compoñer unha proposta escénica tan versátil como multidisciplinar.

Baixo a dirección de Hernán Gené (Premio Max 2005 ao mellor espectáculo de teatro por *Sobre Horacios y Curiacios* de Teatro de La Abadía), os actores Antón Coucheiro, Natalia Outeiro, Manuel Lago, Pablo Reboleiro, Xabier Mera, Borja Fernández e Alfonso Medina compoñen o elenco que sustenta a interpretación desta peza de 75 minutos de espectáculo total dirixido a todos os públicos.

Colaboran tamén na posta en escena Marta Pazos (axudante de dirección), Carlos Alonso (diseño de escenografía e vestuario) e Alfonso Gutiérrez (diseño de iluminación), entre outros.

En *Kamikaze*, a homenaxe a un amigo recentemente falecido é o pretexto para que a dramatización cobre vida por medio duns misteriosos personaxes, que se dan cita no funeral para amosar o seu pesar ao tempo que defenden un modo de vida artístico tan arriscado como persoal.

Matarile Teatro



CONTINÚA A PROGRAMACIÓN DO SALÓN TEATRO E A XIRA DE «A PIRAGUA»

O Salón Teatro continúa en xuño o seu novo ciclo de programación que se iniciou o pasado mes de maio coa inauguración da extensión en Compostela do Festival Sinsal, un encontro de referencia para a música contemporánea en Galiza, que até agora se celebraba unicamente na cidade de Vigo. O escenario que xestiona o Centro Dramático Galego continúa así co seu labor de difusión das expresións escénicas e musicais máis actuais.

Despois da actuación o xoves 17 de maio do colectivo procedente de Hungría e Novo México *A Hawk and a Hacksaw & The Hun Hangár Ensemble*, outros dous concertos de grupos interesantes e influentes dentro do panorama das músicas

contemporáneas a nivel internacional: a noruega *Hanne Hukkelberg* (7 de xuño) e os británicos *Tunng* (21 de xuño), compoñerán o programa do Sinsal para Santiago.

Ademais das estreas dos espectáculos coproducidos polo Centro Coreográfico Galego: *30.000* (2 e 3 de xuño), e o CDG: *Kamikaze* (do 14 ao 17 de xuño), a actividade completárase con dúas funcións da última produción de Matarile Teatro *Truenos y Misterios* (9 e 10 de xuño), creada e dirixida por Ana Vallés, o que suporá a súa estrea en Galiza despois da súa exitosa presentación en Madrid. As propostas de danza tamén terán continuidade cunha participación no festival *En pé de pedra* (23 e 24 de xuño) e unha serie de *Performance*, que se desenvolverá do 27 de xuño ao 1 de xullo.

O CDG compatibilizará o seu labor de xestión do Salón Teatro en xuño coa xira por Galiza de *A piragua*, a produción do texto escrito por Cándido Pazó como resultado da súa experiencia como primeiro dramaturgo residente da compañía pública. O espectáculo, que aborda o tema da violencia doméstica con Xosé Manuel Olveira «Pico» e Susana Dans como protagonistas, poderá verse ao longo deste mes en Tui (día 1), Vilagarcía de Arousa (día 6), Pontevedra (día 8), Ribadeo (día 10), Carballo (día 14), Cangas (día 16) e O Barco (día 22).

editoais novidades



Boas noites

Paula Carballeira

Colección Biblioteca Dramática Galega, nº 4
ISBN: 978-84-453-4391-3
PVP: 13,50 euros

A obra ganadora da primeira edición do premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil aborda o medo nocturno que sofren os rapaces e a presión que este exerce na cantidade de actividades que desenvolven durante o día.



Ocaso Otero

Manuel Guede Oliva

Colección Biblioteca Dramática Galega, nº 5
ISBN: 978-84-453-4400-2
PVP: 12,50 euros

Nesta obra, escrita en clave meta-teatral, a Bella Otero enfrontase a un proceso de reconciliación consigo mesma e co país que a viu nacer. *Ocaso Otero* gañou o XV Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais.



Casa de bonecas

Henrik Ibsen

Colección Biblioteca Dramática Galega, nº 6
ISBN: 978-84-453-4399-9
PVP: 12,50 euros

Tradución ao galego da obra máis emblemática do escritor noruegués Henrik Ibsen. A historia constrúese a partir da necesidade de afondar na súa independencia persoal por parte dunha muller, en teoría, felizmente casada.



A piragua. Caderno pedagóxico

Ánxela Gracián


Edición electrónica


Unidade didáctica do espectáculo *A piragua*, creado e dirixido por Cándido Pazó para o Centro Dramático Galego, que dunha banda pretende ofrecer un achegamento ao propio concepto do teatro como actividade pedagóxica e doutra, unhas pautas formais de análise temática da devandita obra.

01 VENRES	Títeres en Acción <i>Trastos vellos</i> Boiro 20.00 h CASA DA CULTURA RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ	Teatro dos Tirinautas <i>O derradeiro chimpín</i> Lalín 21.00 h NOVO SALÓN TEATRO	Fulano, Mengano e Citano <i>O faro</i> Vigo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro del Andamio <i>Yepeto</i> Santiago de Compostela 22.00 h SALA NASA	Cambaleo Teatro <i>Al pie de la letra</i> Vigo 22.00 h TEATRO ENSALLE	CDG <i>A piragua</i> Tui 22.00 h TEATRO ÁREA PANORÁMICA				01 VENRES
02 SÁBADO	Fulano, Mengano e Citano <i>O faro</i> Vigo 20.30 AUDITORIO MUNICIPAL	Yllana Teatro <i>Paganini</i> Cangas 22.30 AUDITORIO MUNICIPAL	Karlík Danza-Teatro <i>Niña Frida</i> Sada 20.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS	Erre Que Erre <i>Deberían llover cristales</i> Santiago de Compostela 21.00 h SALÓN TEATRO	Teatro del Andamio <i>Yepeto</i> Santiago de Compostela 22.00 h SALA NASA	Cambaleo Teatro <i>Al pie de la letra</i> Vigo 22.00 h TEATRO ENSALLE	CCG e Pisando Ovos <i>30.000</i> Santiago 20.30 h SALÓN TEATRO			02 SÁBADO
03 DOMINGO	Os Quinquilláns 	Os Quinquilláns <i>A diáspora</i> Ribadeo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Cambaleo Teatro <i>Al pie de la letra</i> Vigo 21.00 h TEATRO ENSALLE				CCG e Pisando Ovos <i>30.000</i> Santiago 18.00 h SALÓN TEATRO		03 DOMINGO	
06 MÉRCORES						CDG <i>A piragua</i> Vilagarcía 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL			06 MÉRCORES	
07 XOVES	Matarile Teatro <i>Truenos y misterios</i> Vigo 21.00 h TEATRO ENSALLE							SINSAL Santiago. Extensión Salón Teatro Hanne Hukkelberg 22.00 h	07 XOVES	
08 VENRES	Matarile Teatro <i>Truenos y misterios</i> Vigo 22.00 h TEATRO ENSALLE	Tanttakka Teatroat <i>O florido pensil</i> Vilagarcía de Arousa 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL	Mofa e Befa <i>Sempre ao lonxe</i> O Barco 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL LAURO OLMO			CDG <i>A piragua</i> Pontevedra 21.00 h PAZO DA CULTURA	CCG Vacuo Festival «El tableteo de la cigüeña» [León] 21.00 h ANTIGUA AZUCARERA		08 VENRES	
09 SÁBADO	Berrobambán <i>Buh!</i> Vigo 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Disque Danza <i>Menú vexetal (Dáme verde)</i> Sada 20.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS	Mofa e Befa <i>Sempre ao lonxe</i> Sanxenxo 21.30 h CASA DA CULTURA EMILIA PARDO BAZÁN	Teatro del Andamio <i>Yepeto</i> Ortigueira 21.00 h TEATRO DA BENEFICENCIA				Matarile Teatro <i>Truenos y misterios</i> 20.30 h	09 SÁBADO	
10 DOMINGO	Sarabela Teatro <i>A gata con botas</i> Ames 17.00 h CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO					CDG <i>A piragua</i> Ribadeo 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	CCG Vacuo Oleiros 20.30 h AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ	Matarile Teatro <i>Truenos y misterios</i> 18.00 h	10 DOMINGO	
14 XOVES	Experimenta Danza (EN COPRODUCCIÓN CO CCG) <i>Arte a escena</i> Ourense 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL					CDG <i>A piragua</i> Carballo 21.00 h PAZO DA CULTURA		CDG e Pistacatro <i>Kamikaze</i> Santiago 20.30 h SALÓN TEATRO	14 XOVES	
15 VENRES	Sarabela Teatro <i>A gata con botas</i> Ourense AUDITORIO MUNICIPAL	Companhia do Chapitô <i>O grande criador</i> O Barco 21.00 h TEATRO MUNICIPAL LAURO OLMO					CCG Vacuo A Estrada 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	CDG e Pistacatro <i>Kamikaze</i> Santiago 20.30 h SALÓN TEATRO	15 VENRES	
16 SÁBADO	Colectivo Danzón <i>Viaxe pola danza</i> Sada 20.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS	Teatro del Andamio <i>Yepeto</i> Vilanova 21.00 h CASA DA CULTURA DO ESTEIRO			CDG <i>A piragua</i> Cangas 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL		CCG Vacuo Vilalba 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL CARMEN ESTÉVEZ	CDG e Pistacatro <i>Kamikaze</i> Santiago 20.30 h SALÓN TEATRO	16 SÁBADO	
17 DOMINGO	La Imagina Machina <i>A viaxe de Efi</i> Ourense AUDITORIO MUNICIPAL						CCG Vacuo San Sadurniño 19.30 h CENTRO SOCIOCULTURAL	CDG e Pistacatro <i>Kamikaze</i> Santiago 18.00 h SALÓN TEATRO	17 DOMINGO	

<



20 MÉRCORES	Druída Danza <i>Verde transparente</i> Ribadeo 11.00 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL				20 MÉRCORES
21 XOVES	Nove Dous <i>Fóra de xogo</i> Santiago 20.30 h SALA YAGO			SINSAL Santiago. Extensión Salón Teatro Tunng 22.00 h	21 XOVES
22 VENRES	Nove Dous <i>Fóra de xogo</i> Santiago 20.30 h SALA YAGO	CCG Vacuo <i>As Pontes</i> 21.00 TEATRO CINE ALOVI	CDG <i>A piragua</i> O Barco 21.00 h. TEATRO LAURO OLMO	Daniel Abreu <i>Ojos de pez</i> 21.30 h (PROGRAMA DO FESTIVAL EN PÉ DE PEDRA)	22 VENRES
23 SÁBADO	Nove Dous <i>Fóra de xogo</i> Santiago 22.30 h SALA YAGO	Experimenta Danza (EN COPRODUCCIÓN CO CCG) <i>Arte a escena</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	CCG Vacuo <i>Monforte</i> 21.00 EDIFICIO MULTISUSOS	Os Quinquilláns <i>A diáspora</i> Ortigueira 20.30 h TEATRO DA BENEFICENCIA	23 SÁBADO
24 DOMINGO	Nove Dous <i>Fóra de xogo</i> Santiago 19.00 h SALA YAGO			Daniel Abreu <i>Ojos de pez</i> 19.00 h (PROGRAMA DO FESTIVAL EN PÉ DE PEDRA)	24 DOMINGO
27 MÉRCORES				Performance ST 19.00 h	27 MÉRCORES
28 XOVES				Performance ST 19.00 h	28 XOVES
29 VENRES	Máscara Producións <i>Asalto de cama</i> Ames 21.00 h CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS		CCG Vacuo <i>Viveiro</i> 21.30 h TEATRO PASTOR DÍAZ	CDG <i>A piragua</i> Narón 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	29 VENRES
30 SÁBADO	Javier Martín <i>Insultos privados</i> Ribadeo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL		CDG <i>A piragua</i> Narón 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Performance ST 19.00 h	30 SÁBADO



1. CONVOCATORIAS IGAEM

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
Inscrición no VI Festival de Contrabaixo «Ludwig Streicher»	Un profesorado composto por recoñecidos mestres deste instrumento ofrecerá as sesións teóricas e prácticas do festival, que se desenvolverá do 6 ao 13 de xullo na Escola de Altos Estudos Musicais e no marco do que tamén terán lugar obradoiros, representacións e concertos.	Estudantes de contrabaixo que teñan superado o primeiro curso do primeiro ciclo de Grao Medio e músicos que desexen ampliar os seus coñecementos ou perfeccionar determinadas obras. Sen límite de prazos.	5 de xuño
Inscrición no Curso de Producción de Montserrat Prat , do Institut del Teatre de Barcelona	Curso teórico-práctico do CCG no que os participantes desenvolverán un proxecto global de produción. Celebrarase do 9 ao 13 de xullo na Fundación Luís Seoane da Coruña.	Responsables de produción de proxectos e profesionais das artes escénicas. 20 prazos.	22 de xuño
Inscrición no Curso Charter Feeler (traballo de corpo e voz) de Akemi Takeya	O Teatro Galán de Santiago, en colaboración co Centro Coreográfico Galego, organiza o obradoiro que impartirá esta artista multidisciplinar, asentada en Viena, do 26 ao 29 de xuño.	Hai 11 prazos dispoñibles, con descontos para estudantes universitarios.	A inscrición realizarase o día 25 de xuño
Axudas para investimentos de empresas do sector da maxia para o ano 2007	Subvencións para proxectos de investimentos de contía non inferior aos 8.000 € realizados entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro deste ano, incluíndo aparellos de maxia ou aparellos de específica e insubstituíble necesidade para a creación de momentos máxicos, equipamento escénico e vehículos industriais, segundo a convocatoria publicada no DOG nº 102 de 29 de maio de 2007.	Persoas físicas e xurídicas que teñan como actividade habitual a produción e distribución mercantil de espectáculos de maxia, con domicilio ou sede social en Galiza, agás asociacións e demais entidades sen fins de lucro. Máis información: http://www.igaem.xunta.es/servizos/convocatoria.php?id=48&lg=gal	30 de xuño
Inscrición no Taller de Metodoloxía da Ensinanza para Profesores de Danza de Martim Padrom	O director do Centro Coreográfico da Gomera propondrá ferramentas pedagóxicas para a ensinanza da danza clásica e moderna. O obradoiro celebrarase no CCG do 16 ao 21 de xullo.	Ofértanse un total de 20 prazos para profesores de danza.	30 de xuño
Inscrición nas Clases de Danza Clásica Académica de Martim Padrom	A sede do CCG acollerá do 16 ao 21 de xullo estas sesións, nas que os alumnos tomarán conciencia do peso do corpo a través da respiración e da relaxación.	20 prazos dispoñibles, con prioridade para os profesores de danza.	30 de xuño
Audición para a selección de 10 bailaríns/bailarinas para temporada 2007-2008 do Centro Coreográfico Galego	O proceso selectivo realizarase no transcurso dun taller de cinco días de duración (do 20 ao 24 de agosto) que impartirá o director e coreógrafo Roberto Oliván na sede do CCG. As bases da convocatoria foron publicadas no DOG nº 97 de 22 de maio de 2007.	Bailaríns e bailarinas maiores de idade. Máis información: http://www.igaem.xunta.es/servizos/convocatoria.php?id=47&lg=gal	2 de xullo

Rexistro de datos XANEIRO/ABRIL 2007

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓN	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Compostela	Vacuo	4	211,5	1.063,50 €
A Coruña	Vacuo	2	459	1.991,20 €
Vigo	Vacuo	1	729	4.828,50 €
Narón	Vacuo	1	226	978,00 €
Vilagarcía	Vacuo	1	125	365,00 €
Pontevedra	Vacuo	1	197	685,00 €
Barco de Valdeorras	Vacuo	1	85	339,00 €
Tui	Vacuo	1	324	1.133,00 €
Ferrol	Vacuo	1	193	965,00 €
Lugo	Vacuo	1	189	1.083,00 €
Ribadeo	Vacuo	1	136	340,00 €
Cangas	Vacuo	1	367	1.408,00 €
Ourense	Vacuo	2	205,5	1.854,50 €
Arteixo	Vacuo	1	103	277,45 €
Carballo	Vacuo	1	60	110,50 €
Barcelona	Vacuo	1	181	1.255,00 €

CONCELLO	ESPECTÁCULO	Nº FUNCIÓN	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Ribadeo	Regreso ao deserto	1	97	130,00 €
Vigo	Regreso ao deserto	1	244	1.584,00 €
Narón	Regreso ao deserto	2	142	608,40 €
Vigo	Tará Chis Pum	3	435	1.337,67 €
As Pontes	Tará Chis Pum	3	153	36,00 €
Ferrol	Tará Chis Pum	3	311	168,33 €
Ourense	Tará Chis Pum	3	228,33	534,67 €
Xixón	Tará Chis Pum	1	718	- €
A Coruña	Tará Chis Pum	5	230,8	567,80 €
Santiago	Tará Chis Pum	19	184,74	487,42 €
A Estrada	Tará Chis Pum	2	189	359,00 €
Narón	Tará Chis Pum	2	155	598,82 €
Foz	Tará Chis Pum	5	163	- €
Santiago	A Piragua	26	108,69	287,62 €

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	Nº FUNC	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Alleretour	Ellas	2	33,5	219,00 €
CCG	Vacuo	4	211,5	1.063,50 €
CDG	Tará Chis Pum	19	184,74	487,42 €
CDG	A Piragua	26	108,69	287,62 €
Circolando	Quarto Interior	2	94	380,50 €
Drumming	Un tributo a Frank Zappa	1	135	690,00 €
La Zaranda	Los que rien los últimos	2	59	323,00 €
Lagarta Lagarta	As últimas lúas	2	83,5	268,00 €
Manuel Rodeiro	Fende-lo son	1	81	195,00 €
Marta Carrasco	J'arrive...	2	78	331,00 €
Pedro Coello	Fragmentos	1	30	231,00 €
Rayo Malayo	Los olvidados	1	30	179,00 €
Rui Horta	Bones & Oceans	2	37,5	155,50 €
Teatre Lliure	Last Chance...	2	88	419,50 €
Teatro de Ningures	Emigrados	2	230,5	563,00 €
Ur Teatro	El chico de la última fila	2	104	417,00 €

TOTAL ACUMULADOS IGAEM 2007				
	FUNCIÓN	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	58	7.369	46,71 %	23.558,00 €
O regreso ao deserto (CDG)	4	625	35,84 %	2.930,80 €
Tará Chis Pum (CDG)	46	10.267	61,91 %	20.245,64 €
A Piragua (CDG)	26	2.826	39,96 %	7.478,00 €
Vacuo (CCG)	21	5.090	48,69 %	25.712,85 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIÓN	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Factoria Teatro	9	129,44	651,42 €
A Internacional	1	20,00	57,75 €
Ancora Producións	3	59,33	244,67 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	4	50,75	92,88 €
B. Studio	1	38,00	87,00 €
Berrobambán Teatro	5	152,80	437,10 €
Caramuxo Teatro	3	65,67	79,55 €
Chrystyan Magic	2	261,50	460,75 €
Cuarteto de corda da orquestra «Solistas de Galicia»	1	14,00	35,00 €
Cyrille Sinclair de Magia a la carta	2	183,00	245,50 €
Dani García	2	82,00	193,00 €
Decamerón e Cía.	1	71,00	177,50 €
Disque Danza	1	50,00	150,00 €
Dúo A. de Santiago- Alexis Díez	3	46,33	91,83 €
Dúo Instrumental Dirección	1	4,00	10,00 €
Erre que erre	1	28,00	110,00 €
Espello Cóncavo	6	88,17	466,97 €
Fulano, Mengano e Citano	12	185,00	583,05 €
Grupo de Música Antiga 1500	1	57,00	141,00 €
Grupo de Música Antiga Martín Codax	2	37,50	114,00 €
La imagina machina	7	111,71	177,06 €
Lagarta Lagarta	12	137,50	520,66 €
Luis Boyano	2	84,50	143,70 €
Mago Benxamín	1	150,00	183,00 €
Mago Calí	1	271,00	325,20 €
Mago Kiko	1	82,00	157,50 €
Mago Marttyn	1	80,00	154,00 €
Mago Richard	2	135,50	243,25 €
Malasombra	2	92,00	263,88 €
Máscara Producións	4	127,75	470,00 €
Migallas Teatro	6	108,83	145,79 €
Mimo- Mago Anyo	3	154,00	243,33 €
Mofa e Befa	5	204,00	679,72 €
Nove Dous	6	79,33	218,08 €
Nut Teatro	8	159,25	230,13 €
O Mago Teto	1	163,00	288,00 €
Omar Percusión	1	47,00	31,00 €
Os Colomabaños	2	94,50	221,00 €
Os Quinquilláns	1	250,00	0,00 €
Os sete magníficos máis un	3	131,67	287,83 €
Pablo Nojes y Páprika Teatro	1	30,00	60,00 €
Pisando Ovos	1	80,00	377,00 €
Quinteto de vento metal S.Cecilia	1	70,00	51,00 €
Quinteto de vento Pentaфонía	3	31,67	72,00 €
Quinteto Santa Cecilia	1	12,00	60,00 €
Sala Yago	5	115,00	194,04 €
San&San	4	60,50	141,63 €
Sarabela Teatro	17	138,76	641,35 €
Susana de Lorenzo	1	22,00	110,00 €
Talia Teatro	6	150,50	398,75 €
Tanttaka Teatroa	3	162,67	756,33 €
Teatre Arca	7	99,71	463,01 €
Teatro de la Luna	5	171,80	363,00 €
Teatro de Ningures	14	137,57	462,14 €
Teatro del Andamio	3	88,33	190,83 €
Teatro do Atlántico	10	70,60	219,01 €
Teatro do Lilo	2	126,00	268,00 €

Teatro do Morcego	11	146,82	497,80 €
Teatro do Noroeste	11	120,18	621,45 €
Teatro Español de Madrid	6	157,17	417,83 €
Teatro Galileo	10	90,10	304,59 €
Títeres Cachirulo	4	306,50	565,88 €
Títeres en Acción	1	54,00	108,00 €
Títeres Trompicallo	3	94,00	191,67 €
Titzina Teatre	4	69,00	297,25 €
Trio Musical Intermezzo	1	28,00	140,00 €
Vocalise	2	11,50	30,50 €
Yllana Teatro	1	322,00	880,00 €

ENTIDADE	Nº FUNCIÓN	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
A Coruña	9	120,56	780,58 €
A Estrada	4	75,25	258,25 €
Ames	8	66,50	139,44 €
Arteixo	8	171,63	217,33 €
As Pontes de García Rodríguez	5	120,60	160,68 €
Betanzos	4	111,50	284,75 €
Boiro	4	131,50	160,38 €
Burela	6	160,17	409,08 €
Cambados	4	111,75	138,00 €
Cangas	8	158,38	368,50 €
Carballo	6	130,50	346,40 €
Cariño	5	35,40	49,50 €
Cedeira	3	21,67	43,33 €
Cee	7	66,86	170,43 €
Culleredo	5	54,80	87,75 €
Ferrol	3	83,00	430,00 €
Foz	4	113,75	30,00 €
Lalín	3	100,67	286,50 €
Lugo	4	240,50	922,00 €
Monforte de Lemos	4	94,25	228,50 €
Muros	6	69,83	154,67 €
Narón	13	183,38	780,32 €
O Barco de Valdeorras	6	63,67	208,50 €
O Carballiño	3	110,33	325,33 €
Oleiros	5	191,40	664,10 €
Ortigueira	3	37,33	74,67 €
Ourense	8	144,50	606,73 €
Ourense (Auditorio)	5	101,00	248,00 €
Ponteareas	9	171,67	399,33 €
Pontevedra	4	120,75	470,75 €
Redondela	7	215,86	659,57 €
Ribadeo	12	94,33	313,67 €
Sada	7	115,86	80,57 €
San Sadurniño	8	58,13	115,13 €
Santiago de Compostela	18	120,17	431,83 €
Sanxenxo	4	66,00	183,50 €
Tui	9	237,89	600,89 €
Vigo	9	149,22	454,44 €
Vigo (Caixanova)	6	261,00	1.566,67 €
Vilagarcía de Arousa	12	30,75	86,50 €
Vilalba	4	77,00	231,00 €
Vilanova de Arousa	2	55,50	0,00 €
Viveiro	4	86,75	337,75 €

TOTAIS RGTA	2006	2007
Funcións	211	268
Público	36.009	32.458
Ocupación	42,27%	30,73%
Facturado	118.603,40 €	99.408,31 €

Rexistro de datos XANEIRO/ABRIL 2007



REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECTADORES/ FUNCION	FACTURACIÓN/ FUNCION
Santiago (SALA NASA)	9	68	384,89 €
Santiago (SALA YAGO)	24	48,6	237,06 €
Vigo (TEATRO ARTE LIVRE)	19	11,84	100,53 €
Vigo (TEATRO ENSALLE)	8	26,75	194,81 €
A Coruña (TEATRO DEL ANDAMIO)	10	32,2	88,20 €

TOTAIS REDE GALEGA DE SALAS

FUNCIONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURACIÓN
70	2.539	35,97%	13.504,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO (Febreiro/abril 2007)

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
6pm	5	62,80	126,80 €
A Compañía do Ruido	7	88,00	238,86 €
A matraca perversa	5	38,00	95,20 €
Aguardiente Swuing Quarter	5	33,80	147,00 €
Anacos de Buxo	3	41,33	74,00 €
Anger	5	48,80	52,60 €
Ataque Escampe	6	50,83	108,17 €
Blue Rain	10	29,40	52,60 €
Bukovski trío	7	43,43	87,29 €
Coda	8	39,25	96,63 €
Color Café	7	45,14	91,14 €
Cornelius	8	65,88	205,50 €
Détour	4	33,75	91,00 €
Diego Freire	2	7,50	16,00 €
Diego Massinimi	7	17,57	34,57 €
Dios ke te crew	8	88,00	281,75 €
Dr. Funkstein	7	44,57	77,14 €
Dreams of Dolly sheep	2	59,00	154,00 €
Ectoplasma	8	63,13	197,75 €
El Pablo	6	42,83	47,75 €

GRUPOS

Ergon	5	78,00	137,40 €
Fabulosos cubatas de ...	8	76,25	156,63 €
Faltriqueira	4	112,75	609,25 €
Grasa	9	58,67	114,44 €
Guezos	4	58,25	124,75 €
Hot Kawa Club	7	28,57	51,29 €
Jaso&Bo	7	30,71	45,14 €
Jato Neiro Jazz Trio	5	29,40	42,80 €
Los Iribarnes	1	128,00	384,00 €
Lume	7	49,43	70,14 €
Marcos Pin Trio	8	30,13	104,13 €
Miguel Costas y la Banda Turca	7	86,71	191,79 €
Mk Nónimo	3	27,00	29,83 €
Moon Cresta	9	37,56	143,44 €
Mr. Dixie Jazz Band	7	34,14	99,57 €
Narf	4	35,50	84,75 €
Niño y pistola	6	56,50	210,00 €
O leo i Arremechágon	5	36,00	50,80 €
Ocean's Garden	3	52,67	98,00 €
Os Trasnós de Moscoso	7	23,29	44,14 €
Pablo Bicho Cuarteto	5	39,80	73,00 €
Pepe Vaamonde Grupo	6	74,83	255,83 €
Phantom Club	6	57,00	99,17 €
Querido Salvaje	1	37,00	22,00 €
Ragdog	6	58,67	120,83 €
Renato Spencer & Café Caxara	8	52,38	100,00 €
Roberto Somoza Cuarteto	4	34,75	105,50 €
Robin de los estercoleros	3	49,33	196,67 €
Ruxe-Ruxe	10	65,90	169,70 €
Sax Machine	4	48,75	123,00 €
Sevigny	1	28,00	54,00 €
Snail	3	34,67	37,33 €
Soak	4	84,00	329,50 €
Sugar Mountain	5	64,20	174,60 €
Tango Project	10	39,00	52,80 €
Telemaco	4	48,00	106,00 €
The Sweat	7	26,43	43,57 €
The Turre's Band	3	54,67	96,33 €
Thunn	2	52,00	432,00 €
Toques de Caramulo	4	49,50	53,25 €
Trifulka	2	15,50	19,50 €
Victor Aneiros Band	1	92,00	192,00 €
Xoan Curiel	10	38,10	41,90 €
Zenzar	5	51,00	147,00 €
Zumbido	3	33,67	73,33 €

SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECTADORES/ FUNCION	FACTURACIÓN/ FUNCION
A Fragua (REDONDELA)	8	39,75	62,75 €
Ache (MARÍN)	4	60,25	183,25 €
Aturuxo (BUEU)	15	66,80	288,87 €
Auriense Café Cultural (OURENSE)	9	37,78	90,33 €
Bar Liceum (O PORRIÑO)	7	68,71	145,14 €
Baranda (O BARCO)	9	94,44	174,44 €
Barriga Verde (LALÍN)	2	19,00	38,00 €
Borriquita de belén (SANTIAGO)	7	47,71	51,71 €
Cafe Concerto Antano (ORDES)	9	57,56	99,33 €
Café Teatro Xesteira (OURENSE)	24	63,83	164,56 €
Café-Cultural Roi Xordo (ALLARIZ)	8	45,00	131,75 €
Casa das Crechas (SANTIAGO)	4	33,25	48,50 €
Clandestino (NIGRÁN)	7	47,43	148,71 €
Clavicembalo (LUGO)	20	34,65	84,00 €
Contrabajo (VIGO)	6	41,33	72,17 €
El Ensanche (VIGO)	10	28,10	79,80 €
Forum Celticum (CULLEREDO)	4	150,00	198,75 €
Garufa (A CORUÑA)	10	34,10	120,20 €
Jazz Vides (A CORUÑA)	12	31,83	129,50 €
Jazz Filloa (A CORUÑA)	2	42,00	167,00 €
La Casa de Arriba (VIGO)	12	13,58	41,33 €
La Fábrica de Chocolate (VIGO)	12	63,83	245,08 €
Manteca Jazz (VIGO)	5	63,80	201,40 €
Marrucho (BAIONA)	6	53,67	164,83 €
O Con do Moucho (A ILLA DE AROUSA)	5	65,00	72,60 €
Planeta (SARRIA)	6	70,67	130,17 €
Pub d'Antón rock café (A LARACHA)	17	30,18	46,06 €
Pub Gatos (MELIDE)	15	44,20	84,20 €
Pub Kilé (ORDES)	7	57,86	103,57 €
Remache (VIGO)	4	35,00	99,25 €
Sala 600 (MELIDE)	8	52,63	110,25 €
Sala Clan (XINZO DE LIMIA)	8	69,38	200,63 €
Sala Dzine (SAN SADURNIÑO)	9	64,11	126,33 €
Sala Karma (PONTEVEDRA)	5	21,40	68,20 €
Sala Mogay (CHANTADA)	6	50,00	150,00 €
Sala Son (CANGAS DE MORRAZO)	8	29,13	64,00 €
Salón Parroquial (PONTEAREAS)	9	62,89	79,56 €
Vagalume café concerto (SALVATERRA)	6	67,50	140,83 €
Verbum Jazz (VIGO)	6	28,83	64,00 €
Verbum Náutico (VIGO)	6	32,83	54,33 €
Woodstock (PORTONOVO)	8	24,00	63,13 €
Zona Zero (CALDAS DE REIS)	8	71,13	178,38 €

TOTAIS REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

Concertos	353
Público	17.443
Ocupación	25,27%
Facturado	42.658,50 €



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais

IGAEM Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
igaem@xunta.es / www.igaem.xunta.es